PROBA ESCRITA DE COÑECEMENTOS. PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, NO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DA SOCIEDADE DE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA, S.A. (VIPUGAL), NA CATEGORÍA DE ADMINISTRATIVO (Ap. 6.2 das Bases da Convocatoria)

1. Segundo o art. 102 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico en Galicia, ¿cando se considera que unha sociedade ten o carácter de sociedade mercantil pública autonómica?

a) Cando a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia teña, polo menos, un 10% do capital social.
b) Cando a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais sexa maioritaria.
c) Cando a Xunta de Galicia teña dereito a nomear o presidente da sociedade.

2. Segundo o art. 102 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico en Galicia, ¿cal das seguintes situacións fai que unha sociedade mercantil quede suxeita á presente lei, aínda que non sexa unha sociedade mercantil autonómica?

a) Cando a sociedade teña o seu domicilio social en Galicia.
b) Cando a Xunta de Galicia dispoña da maioría dos dereitos de voto ou dos órganos de goberno, directamente ou mediante acordos con outros socios.
c) Cando a sociedade teña como obxecto social actividades de interese público.

3. Segundo o art. 102 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico en Galicia, ¿que límite ten a participación da Xunta de Galicia en sociedades mercantís cando actúa por razóns de política económica?

a) Non poderá superar o 25% do capital social.
b) Será sempre maioritaria.
c) Non poderá ser inferior ao 10% nin superior ao 50%, salvo normas especiais.

4. Segundo o artigo 103 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico en Galicia, ¿por que ordenamento xurídico réxense as sociedades mercantís autonómicas, calquera que sexa a súa forma xurídica?

a) Exclusivamente polo Dereito administrativo.
b) Polo ordenamento xurídico privado, coas especialidades previstas na normativa aplicable.
c) Unicamente pola Lei 16/2010 de Galicia.

5. ¿Que limitación establece o artigo 103 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico en Galicia respecto ás facultades das sociedades mercantís autonómicas?

a) Poden exercer potestades administrativas en casos excepcionais.

b) Non poderán exercer en ningún caso potestades administrativas.

c) Só poden exercer potestades administrativas en materias económicas.

6. Segundo o art. 104 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico en Galicia, ¿quen debe autorizar a constitución das sociedades mercantís autonómicas?

a) O Parlamento de Galicia.

b) O Consello da Xunta de Galicia.

c) A consellería competente en materia de facenda.

7. Segundo o art. 35 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ¿como se motivan os actos que poñan fin a procedementos selectivos e de concorrencia competitiva?

a) Conforme ás normas de convocatoria aplicables, acreditando en todo caso os fundamentos da resolución adoptada.

b) Só mediante referencia á normativa xeneral de procedemento administrativo.

c) Non requiren motivación se se trata de convocatorias públicas abertas.

8. Segundo o art. 36 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ¿que procedemento se segue cando os actos administrativos dítanse verbalmente?

a) Non é necesario deixar constancia escrita se se trata de actos menores.

b) A constancia escrita do acto se efectuará e asinará polo titular do órgano inferior ou funcionario que o reciba, expresando a autoridade da que procede.

c) Só se require constancia escrita se hai recurso administrativo pendente.

9. Segundo o art. 36 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ¿que se establece sobre a emisión de actos administrativos da mesma natureza, como licenzas ou nomeamentos?

a) Cada acto debe ditarse de forma independente, sen posibilidade de agrupalos.

b) Poderán refundirse nun único acto, acordado polo órgano competente, especificando os efectos individualizados para cada interesado.

c) Só poden agruparse se todos os interesados dan o seu consentimento por escrito.

10. Conforme figura establecido no art. 37 da Lei 39/2015, as resolucións administrativas que vulneren o establecido nunha disposición regulamentaria:

a) Son nulas.

b) Son anulables.

c) Son ineficaces.

11. Segundo o artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, aos sós efectos de entender cumprida a obrigación de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos, será suficiente a notificación que conteña, cando menos, o texto íntegro da resolución, así como:

a) O recurso administrativo de que proceda.

b) O intento de notificación debidamente acreditado.

c) A indicación de se pon ou non fin á vía administrativa.

12. Segundo o artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando un interesado ou o seu representante rexeite a notificación dunha actuación administrativa:

a) Practicarase a notificación a través da correspondente publicación no Boletín Oficial do Estado.

b) Practicarase a notificación a través da correspondente publicación no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma.

c) Farase constar no expediente, especificándose as circunstancias do intento de notificación e o medio, dando por efectuado o trámite e seguíndose o procedemento.

13. Segundo o artigo 42 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, todas as notificacións que se practiquen en papel:

a) Poderán ser postas ao dispor do interesado na sede electrónica da Administración ou Organismo actuante para que poida acceder ao contido das mesmas de forma voluntaria.

b) Deberán ser postas ao dispor do interesado na sede electrónica da Administración ou Organismo actuante para que poida acceder ao contido das mesmas de forma voluntaria.

c) Poderán ser postas ao dispor do interesado na sede electrónica da Administración ou Organismo actuante. Cando o interesado accedese ao contido da notificación en sede electrónica, o resto das notificacións deberán realizarse a través de medios electrónicos.

14. Segundo o artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando unha notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase practicada no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderase rexeitada, desde a posta ao dispor da devandita notificación sen que se acceda ao seu contido:

a) Cando transcorresen dez días hábiles.

b) Cando transcorresen dez días naturais.

c) Cando transcorresen quince días naturais.

15. Segundo o artigo 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que:

a) Se realice o envío do seu contido.

b) Se reciba o contido no buzón da sede.

c) Se produza o acceso ao seu contido.

16. Segundo o art. 13 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, considéranse contratos de obras aqueles que teñen por obxecto:

a) Unicamente a execución dunha obra, sen incluír a redacción de proxectos.

b) A execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización de traballos do Anexo I.

c) Unicamente a execución ou a concesión dunha obra, sen incluír a redacción de proxectos.

17. Segundo o art. 13 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, enténdese por "obra":

a) Calquera resultado de traballos manuais ou artísticos, sen necesidade de estar vinculados a un inmoble.

b) O resultado dun conxunto de traballos de construción ou enxeñería civil destinados a cumprir unha función económica ou técnica respecto a un ben inmoble.

c) A prestación de servizos de mantemento e reparación de edificios.

18. Segundo o art. 13 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, os contratos de obras deben referirse a:

a) Partes dunha obra, aínda que non sexan utilizables de maneira independente.

b) Unha obra completa, susceptible de ser entregada ao uso xeral ou servizo correspondente.

c) Unha obra completa, ou parte dunha obra, aínda que non sexa suceptible de ser entregada ao uso xeral ou servizo con carácter inmediato.

19. Segundo o art. 16 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, considéranse en todo caso contratos de subministración:

a) Os que teñan por obxecto a adquisición de enerxía primaria ou transformada.

b) Os que teñan por obxecto a explotación de infraestruturas de transporte.

c) Os que teñan por obxecto a cesión do uso de software desenvolvido a medida por encargo da Administración.

20. Segundo o art. 16 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, os contratos de adquisición de programas de ordenador desenvolvidos a medida considéranse:

a) Contratos de servizos.
b) Contratos de subministración cando inclúan ademais o arrendamento de equipos informáticos.
c) Contratos mixtos cando incorporen cláusulas de mantemento e actualización.

21. Segundo o art. 17 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, NON poderán ser obxecto de contratos de servizos:

a) As prestacións de carácter sucesivo que se retribúan por prezo unitario.
b) Os servizos que impliquen exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos.
c) Os encargos de actividades de apoio técnico e loxístico á Administración.

22. Segundo o art. 37 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, as entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo no caso de:

a) Contratos menores cuxo importe non supere os límites establecidos no art. 118.
b) Contratos de emerxencia conforme ao sinalado no art. 120.1.
c) Contratos de subministracións de carácter urxente que non requiran formalización escrita.

23. Segundo o art. 48 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, poderá interpoñer recurso especial en materia de contratación:

a) Calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos resulten afectados de forma directa ou indirecta.
b) Exclusivamente as empresas licitadoras que presentasen oferta no procedemento.
c) Unicamente quen ostente a condición de contratistas da Administración no momento da interposición.

24. Segundo o art. 48 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, estarán lexitimadas para interpoñer recurso especial as organizacións sindicais cando:

a) A decisión recorrida afecte ás condicións retributivas do persoal funcionario da Administración.
b) Exista fundamento para considerar que o empresario podería incumprir obrigacións sociais ou laborais respecto aos traballadores do contrato.
c) O contrato se refira a actividades relacionadas coa negociación colectiva do sector correspondente.

25. Segundo o art. 63 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, o acceso á información do perfil de contratante será:

a) Libre, sen requirir identificación previa, salvo para servizos personalizados como subscricións ou envío de ofertas, entre outras.
b) Limitado unicamente aos licitadores rexistrados na Plataforma de Contratación do Sector Público.
c) Libre durante o prazo de licitación e restrinxido posteriormente a expedientes arquivados.

26. Segundo o art. 63 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, deberán publicarse no perfil de contratante, no caso de información relativa aos contratos, polo menos a seguinte información:

a) A memoria xustificativa, o prego de cláusulas administrativas, o obxecto do contrato, duración, orzamento base de licitación e importe de adxudicación, entre outras.
b) Unicamente o anuncio de licitación e o contrato formalizado, sen necesidade de actas da mesa de contratación.
c) Só a información relativa a contratos de importe superior a 50.000 euros, IVE excluído.

27. Segundo o art. 66 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, as persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cando:

a) As prestacións do contrato se atopen dentro dos fins ou obxecto social que lles sexan propios segundo os seus estatutos ou regras fundacionais.
b) O seu obxecto social inclúa de forma xenérica calquera tipo de actividade mercantil ou industrial.
c) Acreditasen experiencia previa en contratos do sector público, aínda que esta actividade non figure nos seus estatutos.

28. Segundo o art. 66 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, quen concorra á licitación dunha concesión de obras ou de servizos poderán facelo:

a) Unicamente de maneira individual, sen posibilidade de comprometerse a formar sociedade.
b) Co compromiso de constituír unha sociedade que será a titular da concesión, conforme a lexislación específica aplicable.
c) Mediante unha agrupación de interese económico, sen necesidade de constituír sociedade con posterioridade.

29. Segundo o art. 71 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, non poderán contratar coas entidades do art. 3 da devandita lei as persoas que:

a) Fosen condenadas mediante sentenza firme por delitos como terrorismo, corrupción nos negocios, suborno, fraude fiscal, ou delitos contra os dereitos dos traballadores.

b) Carezan de experiencia previa en contratos coa Administración ou non acrediten solvencia técnica suficiente.

c) Se atopen en situación de litixio pendente coa Administración contratante, aínda que non exista resolución firme.

30. Segundo o art. 58 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ¿que requisito se esixe para que un procedemento poida iniciarse de oficio por orde superior ou por denuncia?

a) Que medie acordo expreso do órgano competente para iniciar o procedemento.

b) Que o denunciante teña a condición de interesado no procedemento.

c) Que a orde superior proveña sempre do mesmo órgano que resolverá o procedemento.

31. Segundo o art. 58 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ¿cal das seguintes é unha forma válida de iniciación dun procedemento de oficio?

a) Por propia iniciativa do órgano competente, por orde superior, por petición razoada doutros órganos ou por denuncia.

b) Exclusivamente por denuncia presentada por un particular ante a Administración.

c) Unicamente cando exista orde superior ou petición razoada doutro órgano administrativo.

32. Segundo o art. 59 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ¿quen debe ter coñecemento directo ou indirecto dos feitos para que o procedemento se entenda iniciado por propia iniciativa?

a) Calquera persoa interesada no procedemento.

b) O órgano que ten atribuída a competencia de iniciación.

c) O órgano superior xerárquico ao que estea adscrito o órgano instrutor.

33. Segundo o art. 67 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ¿cal é o prazo xeral de prescrición para solicitar o inicio dun procedemento de responsabilidade patrimonial?

a) Cinco anos desde a produción do feito ou acto que motive a indemnización.

b) Un ano desde a produción do feito ou acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.

c) Dous anos desde a notificación da resolución administrativa que recoñeza o dano.

34. Segundo o art. 67 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ¿que debe incluír necesariamente a solicitude de responsabilidade patrimonial, ademais do previsto no art. 66?

a) Unicamente a identificación da Administración responsable e a contía económica reclamada.

b) As lesións producidas, a relación de causalidade co servizo público, a avaliación económica do dano (se é posible), o momento en que se produciu a lesión e, ademais, as probas e documentos que se estimen oportunos.

c) Unicamente a exposición de motivos e unha referencia xenérica ao prexuízo sufrido, sen necesidade de achegar probas na fase inicial.

35. Segundo o art. 68 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ¿que ocorre se o interesado non emenda no prazo de dez días o defecto da súa solicitude de iniciación?

a) Terase por desistido da súa petición, previa resolución nos termos do art. 21.

b) O procedemento quedará automaticamente arquivado sen necesidade de resolución expresa.

c) A Administración poñerá, a instancia do interesado, un novo prazo adicional de dez días.

36. Segundo o art. 68 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ¿que se considera como data de presentación dunha solicitude cando un suxeito obrigado electronicamente a presenta presencialmente e se lle require corrección?

a) A data do primeiro rexistro presencial da solicitude.

b) A data en que o órgano administrativo dita o requirimento de corrección.

c) A data na que efectivamente se realice a presentación electrónica emendada.

37. Segundo o art. 69 da Lei 39/2015, ¿que permite aos interesados a presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación?

a) O inicio dunha actividade ou o exercicio dun dereito, desde o día da súa presentación.

b) Unicamente a obtención dun título administrativo habilitante, tras resolución expresa.

c) O inicio da actividade unha vez transcorridos 30 días desde a presentación, salvo oposición da Administración.

38. Segundo o art. 69 da Lei 39/2015, ¿que consecuencias ten a inexactitude, falsedade ou omisión esencial nunha declaración responsable ou comunicación?

a) Determina, de forma automática, a ineficacia da declaración responsable ou comunicación.

b) Determina a imposibilidade de continuar coa actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo doutras responsabilidades.

c) Determina, de forma automática, a nulidade de pleno dereito da declaración responsable ou comunicación.

39. Segundo o art. 69 da Lei 39/2015, ¿que obrigación teñen as Administracións Públicas respecto aos modelos de declaracións responsables e comunicacións?

a) Publicalos unicamente cando unha normativa sectorial así o esixa.

b) Mantelos permanentemente publicados e actualizados, de forma facilmente accesible para os interesados.

c) Proporcionalos unicamente de maneira presencial nas oficinas administrativas.

40. Segundo o art. 22 da Lei 39/2015, ¿que límite temporal máximo ten a suspensión do prazo por solicitude de informes preceptivos a outro órgano administrativo?

a) Dous meses, prorrogables por acordo expreso do órgano competente.

b) Tres meses, tras os cales debe continuar o procedemento.

c) Non existe límite temporal, xa que a suspensión se mantén ata a recepción do informe.

41. Segundo o art. 22 da Lei 39/2015, ¿cal das seguintes situacións NON constitúe causa de suspensión do prazo máximo para resolver un procedemento?

a) A iniciación de negociacións para un pacto ou convenio conforme ao art. 86.

b) A recusación exposta contra un funcionario interveniente no procedemento.

c) A solicitude de informes facultativos non previstos expresamente como preceptivos.

42. Segundo o artigo 25 da Lei 39/2015, ¿que ocorre se nun procedemento iniciado de oficio, cuxo resultado puidese ser favorable para o interesado, non se dita resolución no prazo máximo?

a) O procedemento enténdese estimado por silencio positivo.

b) As pretensións do interesado enténdense desestimadas por silencio administrativo.

c) O procedemento queda caducado automaticamente.

43. Segundo o art. 24 da Lei 30/2015, ¿cal dos seguintes procedementos queda EXCLUÍDO do silencio administrativo positivo, producindo silencio desestimatorio?

a) Solicitudes de acceso a información ambiental.

b) Procedementos de responsabilidade patrimonial da Administración.

c) Procedementos sancionadores iniciados a instancia do interesado.

44. Segundo o art. 24 da Lei 39/2015, ¿que efecto ten a estimación por silencio administrativo?

a) Considérase un acto administrativo finalizador do procedemento con plenos efectos xurídicos.

b) Unicamente habilita ao interesado a interpoñer recurso administrativo.

c) Xera unha mera expectativa de dereito, pendente de confirmación expresa pola Administración.

45. Segundo o art. 24 da Lei 39/2015, ¿cal é o prazo que ten a Administración para expedir de oficio o certificado acreditativo do silencio administrativo producido?

a) Cinco días hábiles desde a finalización do prazo máximo de resolución.

b) Quince días desde que expire o prazo máximo para resolver.

c) Trinta días naturais desde a solicitude do interesado.

46. Segundo o art. 25 da Lei 39/2015, nos procedementos de oficio en que a Administración exerza potestades sancionadoras e non se dite resolución expresa en prazo, ¿que efecto se produce?

a) O procedemento enténdese estimado favorablemente para o interesado.

b) Prodúcese a caducidade, con arquivo das actuacións.

c) Mantense aberto o procedemento ata que a Administración dite resolución expresa.

47. Segundo o art. 25 da Lei 39/2015, ¿que efecto ten a caducidade declarada por silencio, sen causa imputable ao interesado, en procedementos de oficio en que a Administración exercite potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame?

a) O arquivo das actuacións, conforme o artigo 95 da Lei.

b) A obrigación de iniciar automaticamente un novo procedemento.

c) A perda definitiva da potestade sancionadora da Administración.

48. Segundo o art. 114 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa...

a) Unicamente as resolucións dos recursos de alzada.

b) As resolucións dos recursos de alzada, as de órganos sen superior xerárquico, e outras que determine a lei ou o regulamento.

c) Todos os actos administrativos, sen excepción, unha vez notificados.

49. Segundo o art. 114 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no ámbito estatal tamén poñen fin á vía administrativa...

a) Os actos administrativos dos membros e Órganos do Goberno.

b) Unicamente os actos ditados polos Directores Xenerais.

c) Os actos de calquera funcionario, sempre que sexan firmes.

50. Segundo o art. 114 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos Organismos públicos vinculados á Administración Xeral do Estado...

a) Só poñen fin á vía administrativa os actos dos Secretarios de Estado.
b) Poñen fin á vía administrativa os emanados dos seus máximos órganos de dirección, salvo que a lei dispoña outra cousa.
c) Nunca poñen fin á vía administrativa os actos destes organismos.

51. Segundo o art. 117 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao acordar a suspensión da execución...

a) Non se poderán adoptar medidas cautelares, xa que se trata dunha decisión excepcional.
b) Poderán adoptarse medidas cautelares necesarias para protexer o interese público ou de terceiros.
c) Só poderán adoptarse medidas cautelares se o solicita expresamente o recorrente.

52. Segundo o art. 117 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando a suspensión poida ocasionar prexuízos de calquera natureza...

a) Non será posible suspender a execución en ningún caso.
b) A suspensión só producirá efectos se o interesado presta caución ou garantía suficiente.
c) A Administración asumirá os prexuízos ocasionados sen esixir garantía algunha.

53. Segundo o art. 117 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se o acto impugnado afecta a unha pluralidade indeterminada de persoas...

a) A suspensión non poderá acordarse en ningún caso.
b) A suspensión notificarase unicamente ao recorrente.
c) A suspensión deberá publicarse no mesmo xornal oficial en que se inseriu o acto.

54. Segundo o art. 118 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non se terán en conta na resolución dos recursos...

a) Alegacións do recorrente se non se axustan ao prazo legal de recurso.
b) Feitos, documentos ou alegacións do recorrente que puido achegar no trámite de alegacións e non o fixo.
c) Documentos achegados por outros interesados distintos do recorrente.

55. Segundo o art. 122.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de alzada:

a) No prazo de trinta días, a partir do día seguinte a aquel en que, consonte á súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.
b) No prazo dun mes, a partir do día seguinte a aquel en que, consonte á súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.
c) En calquera momento, a partir do día seguinte a aquel en que, consonte á súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.

56. Segundo o art. 124.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso potestativo de reposición será de:

a) Un mes.
b) Dous meses.
c) Tres meses.

57. Segundo o art. 125.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ¿ante que órgano administrativo se poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión?:

a) Ante o superior xerárquico do órgano que ditou o acto.
b) Ante a xurisdición contencioso-administrativa.
c) Ante o órgano administrativo que ditou o acto.

58. Segundo o art. 126.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ¿que prazo deberá transcorrer desde a interposición do recurso extraordinario de revisión sen terse ditado e notificado a resolución, para que o recurso se entenda desestimado?:

a) Un mes.
b) Tres meses.
c) Catro anos, naqueles casos en que se incorreu en erro de feito.

59. Segundo o art. 124.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo de interposición do recurso potestativo de reposición, se o acto non fóra expreso, será de:

a) Trinta días, a partir do día seguinte a aquel en que, consonte á súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.
b) Un mes, a partir do día seguinte a aquel en que, consonte á súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.
c) En calquera momento, a partir do día seguinte a aquel en que, consonte á súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.

60. Segundo o art. 106.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as Administracións Públicas declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa, nos supostos de nulidade previstos na LPAC:

a) En calquera momento.

b) No prazo dun ano a partir da data en que o acto fose ditado.

c) Antes de que transcorran catro anos.

61. Segundo o art. 117.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ¿que prazo deberá transcorrer para que, unha vez que a solicitude de suspensión do acto tivese entrada no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para decidir sobre a mesma e, non habendo ditado e notificado resolución expresa respecto diso, a execución do acto se entenda suspendida?:

a) Trinta días.

b) Un mes.

c) Tres meses.

62. Segundo o art. 122.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contra a resolución dun recurso de alzada:

a) Non caberá ningún outro recurso administrativo.

b) Caberá o recurso potestativo de reposición nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPAC.

c) Caberá o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPAC.

63. Segundo o art. 107.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a declaración de lesividade NON poderá adoptarse unha vez transcorridos:

a) Dous meses desde que se ditou o acto administrativo.

b) Tres meses desde que se ditou o acto administrativo.

c) Catro anos desde que se ditou o acto administrativo.

64. Segundo o art. 121.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, naqueles casos en que o recurso de alzada se interpuxese ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente para resolver no prazo de:

a) Dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

b) Quince días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

c) Vinte días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

65. Segundo o art. 123 da Lei 39/2015, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que:

a) Sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.
b) Transcorra o prazo dun mes desde a notificación do acto, aínda que non se interpuxese recurso de reposición.
c) O órgano administrativo dite informe sobre a viabilidade do recurso contencioso-administrativo.

66. Segundo o art. 24 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, o promotor que pretenda transmitir vivendas de nova construción coa consideración de finalizadas deberá:

a) Contar unicamente coa licenza de obras, sen necesidade de cualificación definitiva para vivendas protexidas.
b) Dispoñer da licenza de primeira ocupación e, se son vivendas protexidas, da cualificación definitiva.
c) Presentar unicamente un certificado de finalización de obra emitido polo contratista.

67. Segundo o art. 44 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, os notarios e rexistradores esixirán, para autorizar ou inscribir escrituras de declaración de obra nova finalizada:

a) Só a acreditación do outorgamento da licenza de primeira ocupación.
b) A acreditación do outorgamento da licenza urbanística, a certificación final de obra e a licenza de primeira ocupación.
c) Unicamente a certificación final de obra emitida polo técnico competente.

68. Segundo o art. 44 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, para autorizar escrituras de declaración de obra nova en construción, os notarios esixirán:

a) A licenza de primeira ocupación e a certificación final de obra.
b) A achega do acto de conformidade, aprobación ou autorización administrativa que requira a obra, e a certificación do técnico competente acreditativa de que a obra se axusta ao proxecto.
c) Só a licenza de obra.

69. Segundo o art. 44 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, a certificación expedida polo técnico competente en obras en construción debe acreditar:

a) Que a obra foi recibida pola Administración.
b) Que a obra se axusta ao proxecto que foi obxecto do acto administrativo de conformidade, aprobación ou autorización.
c) Que a obra cumpre as condicións de habitabilidade.

70. Segundo o art. 47 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, a promoción pública de vivendas poderá realizarse mediante:

a) A construción de vivendas novas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, ou a adquisición de vivendas en fase de proxecto, construción ou acabadas que cumpran os requisitos de cualificación.

b) Unicamente a construción de vivendas novas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, sen posibilidade de adquirir vivendas doutros promotores.

c) A compra de calquera vivenda no mercado libre, aínda que fose previamente ocupada, sempre que se destine a alugueiro social.

71. ¿Que combinación de teclas se utiliza comunmente para copiar un texto?

a) Ctrl + V

b) Ctrl + C

c) Ctrl + X

72. ¿Que dispositivo se utiliza nunha rede de computadores para impedir o acceso de usuarios non autorizados?

a) Backup

b) Firewall

c) Plóter

73. En Excel, ¿cal é a fórmula correcta para sumar o contido das celas A1 e A2?

a) SUMA(A1:A2)

b) =SUMA(A1:A2)

c) =SUMAR.A1,A2

74. En Windows 10 en español utilizamos o método abreviado: logotipo de Windows + tecla E. ¿Cal das seguintes será a acción que producimos ao facelo?

a) Maximizar a xanela aberta

b) Abrir o explorador de arquivos

c) Minimizar as xanelas abertas en Windows

75. ¿Que combinación de teclas abre o Administrador de tarefas en Windows?

a) Ctrl + Alt + Shift

b) Alt + Tab

c) Ctrl + Shift + Esc

76. ¿Que protocolo se emprega habitualmente para acceder a páxinas web seguras?

a) HTTP

b) HTTPS

c) SMTP

77. Se se desexa protexer un documento de Word para que non se poida editar, ¿a que ficha ou pestana haberá que ir?

a) Referencias

b) Revisar

c) Inserir

78. Un switch de rede serve para:

a) Conectar dispositivos nunha rede local

b) Traducir linguaxes

c) Almacenar datos

79. No Explorador de arquivos de Windows 10 queremos que apareza un recadro na esquina superior esquerda de cada elemento, o cal permite seleccionar un ou varios elementos ao mesmo tempo. ¿Que opción do Explorador habemos de activar?

a) Casillas de elemento

b) Elementos ocultos

c) Panel de detalles

80. ¿Cal é a función principal da memoria RAM nun computador?

a) Gardar datos de maneira permanente

b) Almacenar datos e instrucións mentres se executan procesos

c) Controlar a comunicación entre hardware e software

81. ¿Que símbolo se emprega para iniciar unha fórmula en Excel?

a) %

b) #

c) =

82. En Word, ¿para que serve a tecla "Tab"?

a) Inserir un salto de liña

b) Desprazar o cursor á seguinte tabulación

c) Borrar o carácter anterior

83. ¿Que combinación de teclas serve para tomar unha captura da xanela activa en Windows?

a) Alt + Impr Pant

b) Ctrl + Impr Pant

c) Impr Pant

84. En Word, para seleccionar todo o texto dun documento, ¿que combinación se usa?

a) Alt + A

b) Ctrl + E

c) Shift + E

85. ¿Que extensión corresponde a un ficheiro executable en Windows?

a) .txt

b) .docx

c) .exe

86. ¿Que é un índice automático en Word?

a) Unha listaxe xerada automaticamente a partir dos estilos de título aplicados

b) Unha táboa de datos

c) Unha táboa con numeración

87. ¿Que permite facer o comando "Deseño de táboa" en Word?

a) Inserir filas e columnas

b) Cambiar o estilo, cor e bordes da táboa

c) Cambiar a aliñación do texto

88. ¿Que método se pode usar para converter un arquivo a PDF?

a) Cambiar a extensión do arquivo a .pdf manualmente

b) Usar un impresora PDF virtual ao seleccionar "Imprimir"

d) Gardalo como imaxe e renomealo

89. Nos programas de tratamento de textos, respecto das opcións "Encabezado" e "Pé de páxina", ¿cal das seguintes afirmacións é a correcta?:

a) O pé de páxina e o encabezado son independentes

b) O encabezado leva un texto fixo que se repite en todas as páxinas e non pode levar número de páxina

c) O pé de páxina e o encabezado admiten texto e imaxes pero non táboas

90. WordPad é un editor de texto dispoñible nos accesorios de Windows 10. ¿Cal das seguintes afirmacións é correcta con respecto a este accesorio?

a) Utiliza un formato de arquivo propio, non compatible con Word.

b) Permite gardar documentos en varios formatos, como .docx, .txt, ou .rtf

c) Só pode gardar un arquivo como documento de texto sen formato .txt.

91. En Word, para inserir un salto de páxina, ¿que atallo de teclado se pode usar?

a) Shift + Enter

b) Ctrl + Enter

c) Alt + Enter

92. En Word, o símbolo "→" que aparece ao activar "Mostrar todo" representa:

a) Unha tabulación

b) Un salto de liña

c) Un espazo

93. ¿Onde se pode modificar o tamaño das marxes en Word?

a) Na pestana "Inserir"

b) Na pestana "Deseño de páxina" ou "Disposición"

c) Na pestana "Inicio"

94. ¿Que ocorre se presionas a tecla Tab dentro da última cela dunha táboa en Word?

a) Elimínase a fila

b) Bórrase o contido da cela

c) Insérese unha nova fila automaticamente

95. Nunha folla de cálculo, ¿que fai a tecla F2 nunha cela seleccionada?

a) Editar o contido da cela

b) Copiar

c) Inserir fila

96. ¿Cales son métodos de identificación e sinatura electrónica dos interesados nos procedementos administrativos?

a) Cl@ve

b) Certificado electrónico recoñecido

c) Todos os anteriores

97. ¿Que organización ten encomendada a autoridade de rexistro dos nomes de dominio da internet para España (.es)?

a) Fábrica Nacional de Moeda e Timbre

b) Red.es

c) Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública

98. En Excel, ¿que significa ###### nunha cela?

a) O ancho da cela é insuficiente para poder ver o contido

b) A fórmula utilizada ten un erro

c) A cela ten un valor oculto

99. Nunha presentación, ¿que é unha transición?

a) O cambio visual entre diapositivas

b) Un efecto sobre o texto

c) Un gráfico animado

100. En Excel, para fixar filas ou columnas e que non se despracen úsase a ferramenta...

a) Inmobilizar celas

b) Inmobilizar paneis

c) Fixar celas

PREGUNTAS DE RESERVA

101. Segundo o art. 105 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, a transformación, fusión, escisión e disolución das sociedades mercantís autonómicas requiren

a) Autorización do Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de facenda, previa iniciativa da consellería ou entidade interesada, con carácter previo á aprobación dos acordos sociais que deben adoptarse segundo a lexislación mercantil.

b) Autorización do Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de facenda, previa iniciativa da consellería ou entidade interesada, con carácter previo ou posterior á aprobación dos acordos sociais que deben adoptarse segundo a lexislación mercantil.

c) Autorización do Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de facenda, previa iniciativa da consellería ou entidade interesada, con carácter previo á inscrición no Rexistro Mercantil dos acordos sociais que deben adoptarse segundo a lexislación mercantil.

102. Conforme ao art. 21 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de subministración cuxo valor estimado sexa igual ou superior á seguinte cantidade:

a) 143.000 euros, cando se trate de contratos adxudicados pola Administración Xeral do Estado, os seus Organismos Autónomos, ou as Entidades Xestoras e Servizos Comúns da Seguridade Social.
b) 153.000 euros, cando se trate de contratos adxudicados pola Administración Xeral do Estado, os seus Organismos Autónomos, ou as Entidades Xestoras e Servizos Comúns da Seguridade Social.
c) 163.000 euros, cando se trate de contratos adxudicados pola Administración Xeral do Estado, os seus Organismos Autónomos, ou as Entidades Xestoras e Servizos Comúns da Seguridade Social.

103. Segundo o art 29 da Lei 9/2017, de contratos do Sector Público, os contratos de subministracións e de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de

a) Cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas que en aplicación do apartado segundo deste artigo acorde o órgano de contratación, respectando as condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.
b) Tres anos, incluíndo as posibles prórrogas que en aplicación do apartado segundo deste artigo acorde o órgano de contratación, respectando as condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.
c) Catro anos, incluíndo as posibles prórrogas que en aplicación do apartado segundo deste artigo acorde o órgano de contratación, respectando as condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

104. Segundo o art. 125.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo de interposición do recurso extraordinario de revisión naqueles casos en que ao ditalos se incorrese en erro de feito, que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente, será de:

a) Trinta días.
b) Un mes.
c) Catro anos.

105. Segundo o art. 106.5 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, naqueles procedementos de revisión de disposicións e actos nulos que se iniciaron de oficio, que prazo deberá pasar sen ditarse resolución, para que se produza a caducidade do mesmo?:

a) Un mes desde o seu inicio.

b) Tres meses desde o seu inicio.

c) Seis meses desde o seu inicio.